

# Un achegamento ao discurso sobre a situación das mulleres nas enxeñaría de telecomunicación e informática.

- **Investigadora responsable:** María M. Álvarez Lires
- **Equipo investigador da Universidade de Vigo:** María Álvarez-Lires, Azucena Arias-Correa, María Lorenzo-Rial, Uxío Pérez-Rodríguez, Mercedes Varela-Losada, Francisco Serrallé-Marzoa, Tamara Amorín de Abreu • **Traballo de campo:** Xabier Álvarez-Lires

## PREGUNTA DE INVESTIGACIÓN

- Por que razón hai tan poucas mulleres nos estudos e profesións relacionadas coas TIC?

## METODOLOXÍA

- Extracción de datos de informes oficiais sobre presenza de mulleres en sectores TIC
- Revisión de literatura especializada
- Realización de oito entrevistas a profesoras de enxeñaría informática e de telecomunicación das universidades do SUG
- Organización dun grupo de discusión internivelar
- Análise dos resultados
- Elaboración de conclusións

## PRESENZA DE MULLERES EN ESTUDOS E EMPREGOS TIC EN DESCENSO

(INE, Ministerio de Educación y Formación Profesional, EUROSTAT, Comisión Europea, 2018)

### Estudos

Enxeñaría e arquitectura: 25,1%

Enxeñaría de telecomunicación: 20,4%

Enxeñaría informática: 11,9% (En 1986, 31% en Licenciatura en Informática)

Bioteecnoloxía: 60,04%

### Traballos TIC

37%

**Fenda salarial traballos especializados TIC** (Gestha, 2019)

17,4%

### Profesorado universitario

8% das docentes universitarias imparte aulas nas enxeñarías

## OS NÚMEROS INDICAN PERO NON EXPLICAN

### A escasa presenza feminina é unicamente un síntoma de problemas máis fondos

(Schiebinger, 2007; Armengou, 2008; Díaz, 2008; Osborne, 2008; Herrero, 2014):

- **Estereotipos de xénero**
  - Na sociedade e na educación
  - Na construción e produción da tecnociencia
- **Mecanismos de exclusión nas organizacións -androcéntricas e patriarcais por historia e tradición-educativas, científicas, políticas, profesionais, empresariais, relixiosas.**
  - O contexto tóxico:
    - O teito e as paredes de cristal
    - O círculo de diamante
    - As escaleiras esvaradías
    - O solo pegañento
    - O muro de palabras

## OS DISCURSOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

- A maioría admite o que amosan os números
- Eleccións das mulleres, erradas e pouco maduras
- Valoración inmejorable das enxeñarías (reino do abstracto)
- Non se percibe a necesidade de facer mudanzas no sistema nin nos estudos
- A causa está nos estereotipos sobre as enxeñarías
- A responsabilidade do cambio nas mans das mulleres
- Solución: amosar modelos femininos, charlas informativas e, nalgún caso, mentorías
- Hai quen nega a desigualdade e mesmo a fenda salarial
- Problemas de "conciliación" nalgúns discursos

## ARRANXAR ÁS MULLERES *versus* ARRANXAR O SISTEMA

### **Fagamos que as mulleres accedan ás enxeñarías, en por si, non vai producir mudanzas**

- Non cuestiona o **modelo patriarcal-androcéntrico dominante**
- É preciso:

### **Elaborar un Plan de Intervención desde a perspectiva de xénero:**

- escoitar ás rapazas e ás mulleres
- Desvelar o androcentrismo das disciplinas e das institucións
- Amosar os mecanismos de exclusión
- Profundar na investigación en todos os ámbitos
- Partir das potencialidades das mulleres e non das carencias:
- Probar que a presenza de mulleres mellora os resultados xerais
- Salientar as posibles utilidades sociais das enxeñarías
- Ancorar o Plan nos Obxectivo 5, Igualdade de Xénero, da Axenda 2030